



A MOBILIZACIÓN DA MOCIDADE E DOS TRABALLADORES BOTA A JUAN CARLOS I!!

Pola III República! Referendo xa!



O anuncio da abdicación do rei é consecuencia directa da mobilización e a loita nas rúas, e non é máis que o principio de todas as batallas que nos quedan por gañar. O Partido Popular, que está aterrorizado pola ondada de mobilizacións, e sabe que lle quedan catro días á fronte do Goberno, quere deixalo todo atado e ben atado antes de marchar. Saben ben que cando os desaloxemos do poder será imposible ratificar a esa monarquía parasita e reaccionaria que Franco nos impuxo no seu día. Por iso queren utilizar a súa maioría parlamentaria, que é unha minoría absoluta na sociedade, para impoñernos a un novo monarca, pero non teñen ningún apoio real.

Todas e cada unha das institucións que historicamente se utilizáron para soste o sistema que nos está a condenar ao paro, a precariedade, os desafiuzamentos e todas as eivas que provoca o capitalismo, están gravemente feridas e perderon a lexitimidade ante a maioría da sociedade: a xustiza que defende aos corruptos e encarcera aos sindicalistas que loitan; o parlamento e o goberno que legisla a favor dunha minoría de banqueiros e de grandes empresas mentres nos rúbaban o ensino e a sanidade pública e acerna as nosas liberdades e dereitos democráticos; e por suposto, a monarquía, que nos intentaron vender como

garante da estabilidade e que non é máis que unha institución completamente retrógrada e reaccionaria ao servizo dos intereses da dereita e dos ricos de toda a vida.

A maioría que estamos nas rúas esiximos a celebración inmediata dun referendo no que poidamos decidir sobre o modelo de Estado que queremos os mozos e os traballadores. Un referendo no que poidamos votar dende os 16 anos de idade; se se nos considera adultos para ser explotados en postos de traballo precarios, para desafiuzarnos das nosas vivendas ou ser expulsados do sistema educativo, reivindicamos o noso dereito a pronunciarnos sobre o modelo de Estado que queremos.

Dende o Sindicato de Estudantes defendemos a República: unha república en beneficio dos traballadores, a xuventude e as capas máis oprimidas da sociedade, que rompa co sistema capitalista. Ninguén votou a Felipe para que se converta en Xefe do Estado. É necesario que EU, Podemos e o resto de organizacións e colectivos da esquerda que estamos na rúa, xunto cos activistas dos sindicatos de clase, impulsemos unha mobilización de masas esixindo:

★ Abolición da monarquía! Referendo para rematar con esta institución reaccionaria herdada do franquismo.

★ As direccións de CCOO, UXT e CIG non poden mirar a outro lado, teñen que convocar unha folga xeral para frear a imposición monárquica.

★ Convocatoria de eleccións anticipadas xa!

★ Por un goberno de esquerdas para leva a cabo unha auténtica política socialista e revolucionaria en favor da maioría.

★ Nin recortes, nin retrocesos nos nosos dereitos democráticos.

★ Por unha terceira república que rompa co capitalismo.

★ SI SE PODE!